

24 HORAS EN GALEGO
30 de novembro de 2006**Nome: Manuel López Fernández****RELATA A TÚA EXPERIENCIA**

Erguinme entre lusco e fusco, e como rapaz de aldea que son, deiteime falando galego, durmín en galego e levanteime falando a miña lingua. Xa sei que todos estades cavilando como é “durmir en galego”, pois foi un soño da miña infancia, alá onde eu nacín, que non vos digo o nome porque non o coñecedes, pero para que vos deades unha idea, alá mesmo escomeza a dar a volta o aire. Nacín no tempo da gaudinca, para os nenos da vila “tempos de fame” cando o caudillo estaba chegando á meta. E despois desta presentación imos ó miolo.

Xoves 30 de novembro, sete e vinte da mañá, soa o despertador (coido que o fai en castelán, porque a verdade é que non me cae ben, dependendo sobre todo a que hora me deite). A primeira persoa que vexo é a miña dona (ja, ja ... dorme comigo) e segue durmindo, ela é da vila, respira en castelán, e camiño do retrete atópome coa miña filla. Pensaba que estaría de furriqueira, máis que nada polo que corría e a cara de malas pulgas que levaba. Pero trabuqueime, como decote ía pranchar o cabelo. Díxenlle: “Bos días ...” ó que me dixo “Hola, ya salgo ...” entón tal cal me falara ruso respondílle “Como dis? Non te entendo”. Non me dixo nada, pero coido que para os seus adentros pensaba “Meu pai ta tolo”.

O meu segundo encontro foi no traballo, e aí foi o meu dato da xornada. Nada máis entrar soa o teléfono da miña mesa e a telefonista pásame unha chamada. Era da telefónica de Madrid, estaba facendo unha enquisa:

Telefónica: ¿Don Manuel López?

Eu: Si, eu son.

Telefónica: Buenos días, soy (fulantita) – soltoume un rolo típico da Seguridade Social, e despois de cinco minutos resposteille.

Eu: Perdón, pero non lle entendo nada ...

E a señorita, que menos mal que me dixo que era da telefónica de Madrid, senón eu pensaría que era de Lepe, pónseme a repetir todo en lingua estranxeira, castelán, a máis alto, ó que eu lle respondín: “Señorita, non estou xordo, só que non lle entendo, fáleme vostede en galego”. Ela díxome que non falaba galego, eu dicíalle que non entendía e aínda que non me creades, rematou colgándome.

A mañá transcorreu como un río en pleno inverno, moi rápida. Na casa eu falaba galego, a miña dona castelán, e o meu fillo de catro anos chapurreaba.

Fun tomar café a un bar do polígono con dous amigos. Cando paguei a camareira díxome: “Dos setenta, por favor”. Eu fíxenme o parvo e deille 0,70€ ela riuse, eu rinme, ela miroume, eu mireina ... deime a volta e marchaba, e dime: “¡Te faltan dos euros ... !” Ó que non tardei en respostar: “Como dis?” E xa vos imaxinades, como dicía a miña avoa “a rapaza non era do seu tempo”, e dicíamo máis alto. Ó que lle dixen: “Nena, que non estou xordo, carallo o que pasa é que ou me falas en cristián ou non te entendo”. Púxena roxa pero dixo: “É que che faltan dous euros ...”. Ah! agora falaches ...

A tarde pasou sen novas, aínda que eu desexaba ter clase de inglés, para que cando Leticia dixera: “Hello” eu íalle dicir “gelar non gelou, pero vai un frío de carallo”. E a trancas e barrancas pasou a tarde, non teño novidades.

Ó saír de traballar tocoume o entreno e dime un xogador: “Míster, hoy no entreno que tengo el tobillo hinchado”, ó que eu con voz de ferreiro lle respondín: “Ehh?”. El riuse pensando que eu llo tomaba a broma, e mirándolle para o lombo díxenlle: “Pero non o tes inchado”. O xogador tomábao a carallada, eu semellaba Manoliño de Lepe en Inglaterra. Ó final díxenlle: “Ah! Ti o que tes jodido é o xeonllo”.

E sen outras novas, vaites, vaites, foise así rematando un día que eu non entendo. Por que en Galiza temos que pedir falar en galego ? Se es galego/a e non es mudo, que carallo fas falando estranxeiro? Fala galego e sube ó carro.